

Prezadas familias,

Antes de nada desexar que todas e a todos se atopen ben de saúde.

Neste curso voltamos con todas as actividades.

As actividades para Infantil serán en horario no que poidan asistir todo o alumnado que o desexe, ben sexa do comedor ou non.

As de Primaria serán ao mediodía e pola tarde na sesión de actividades.

As de Secundaria serán a mediodía e nas tardes sen clase.

Pasamos a enumerar as actividades propostas e as súas características.

- **ACTIVIDADES DIRECTAMENTE ORGANIZADAS POLO CENTRO:**

- **Preparación exames Cambridge (4º Primaria a 4º ESO):** Actividade impartida polo Equipo de profesores de Inglés encamiñada a preparar ao alumnado para a presentación aos exames de Cambridge: A1, A2, B1, B2... que se celebran todos os anos no propio Colexio.
- **Psicomotricidade:** actividade para Educación Infantil. Será impartida por un monitor/profesor externo e farase nunha franxa horaria na que todo o alumnado (tamén os non usuarios do comedor) poida asistir. Actividade para estimular o desenvolvemento motor, cognitivo e emocional das nenas e dos nenos. Os grupos en principio serán por clase.
- **Baile :** actividade para 6º Infantil, 1º/2º/3º Primaria. Será impartida por unha monitora/profesora externa
- **Actividades deportivas:**

Os grupos voltarán a ser por categorías:

Prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete

Naqueles deportes onde haxa competición e se forme grupo competiremos no Deporte Escolar polo tanto ningún deportista pode participar con dúas Entidades distintas no mesmo deporte da mesma competición.

- Predeporte-** Iniciación Fútbol Sala e Baloncesto (1º e 2º Primaria) . Esta categoría non competirá.
- Baloncesto** (3º a 6º PRIMARIA)
- Fútbol Sala** (3º Primaria a 4º ESO)
- Tenis de Mesa** (3º Primaria a 4º ESO)
- Xadrez** (2º Primaria a 4º ESO)
- Campo a Través** (2º Primaria a 5º Primaria)
- Atletismo** (2º Primaria a 5º Primaria)

Como todos os anos necesítase persoal aparte do do propio do Colexio. Aínda que os mestres do colechio non perciben ningunha remuneración polas actividades, aos monitores externos temos que pagarlles, polo tanto necesitamos unha pequena contribución por parte das familias.

Ademais do custo dos monitores temos que engadirlle o custo do material, e as nosas fontes de financiación son as súas cotas e a aportación da ANPA, xa que ao non ser clube federado non percibimos ningunha subvención das Administracións, só no que se refire a gastos de competición.

Polo que respecta á financiación, a ANPA continúa pagando unha parte, pero non pode facer fronte a máis gastos neste apartado xa que tamén ten que colaborar noutra serie de aspectos relacionados co Centro.

Así pois dende o DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES decídese facer unha pequena modificación en canto ao pago das actividades, atendendo a dous criterios: número de actividades nas que se inscriba e número de irmáns.

Así pois, este curso quedará así:

ACTIVIDADES DIRECTAMENTE ORGANIZADAS POLO CENTRO					
Alumno/a inscrito/a		Primeiro/a irmán/á		Outros irmáns/ás	
Nº DE ACT.	CUSTO/MES	Nº DE ACT.	CUSTO/MES	Nº DE ACT.	CUSTO/MES
1	8€	1	4€	1	0€
2	10€	2	5€	2	0€
3	12€	3	6€	3	0€

Non se poderán anotar en máis de tres das actividades das que programa directamente o centro

Data límite para matricularse: 27 setembro

Unha vez inscrito non se poderá dar de baixa ata que remate cada avaliación.

As cotas pasaranse en dous recibos de catro meses cada un.

Estas cotas están calculadas para as familias que pertencen á ANPA, xa que esta Asociación aporta unha cantidade para as actividades.

No caso de non querer formar parte da Asociación de Nais e Pais, cada cota verase incrementada no 50%.

### **ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR OUTRAS ENTIDADES PERO QUE SE DESENVOLVEN NO CENTRO:**

Referímonos neste apartado a unha serie de actividades, que terán lugar no centro nas franxas horarias establecidas, pero que organizan entidades externas e ás que cada familia pagará o seu importe segundo o acordado.

Pasamos a explicar cada unha:

Premendo en cada unha delas terán máis información

- **INICIACIÓN Á GUITARRA (3º PRIMARIA a 4º ESO)**
- **KARATE (5º/6º INFANTIL e PRIMARIA)**
- **CURSO DE MECANOGRAFÍA (3º a 6º PRIMARIA)**
- **ROBÓTICA (5º/6º INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA)**

### **NOVIDADE**

- **XIMNASIA RITMICA (1º PRIMARIA A 6º PRIMARIA)**
- **TENIS (1º PRIMARIA a 4º ESO)**

Esta actividade organízaa o Clube de Tenis de Foz. Impártese fóra do horario escolar no noso Pavillón.

O custo está en función da idade e do número de sesión ás que acuda o alumno.

Nós pasaremos o listado ao responsable do Clube de Tenis e el porase en contacto cos alumnos.

### **MOI IMPORTANTE RECORDAR O SEGUINTE**

- *As actividades realizaranse sempre e cando se xunte un número mínimo de alumnos para poder levalas a cabo; en caso contrario, a actividade non saírá adiante.*
- *No caso de Baloncesto e Fútbol Sala a actividade saírá sempre e cando haxa un mínimo de participantes disponibles a participar co Cole no Deporte Escolar.*
- *Unha vez recibamos as solicitudes, procederemos a confeccionar o horario. Procuraremos facelo de xeito que se solapen o menos posible as actividades.*
- *Sospeitamos que algunha das actividades propostas non van ter os participantes necesarios, xa que moito do noso alumnado acode a actividades ofertadas por diversos clubs e entidades da contorna e polo tanto quedaríannos esas franxas horarias para outras actividades que si teñan un número de participantes considerable. Por este motivo non adiantamos o horario, pois sempre sofre moitos cambios e confúndenos a vostedes e aos rapaces.*
- *Para inscribirse nas actividades cubran o seguinte [formulario actividades](#).*

**O prazo para inscribirse remata o venres 27 de setembro ás 12:00**

- Unha vez feitos os grupos non se poderá cambiar de actividade. Abriremos un novo prazo en xaneiro por se alguén quere facelo

### **ACTIVIDADE PARA FAMILIAS: ESCOLA DE INGLÉS PARA NAIS E PAIS**

Dado o éxito no curso pasado, imos continuar con esta actividade extraescolar destinada a nais e pais do noso centro.

Observábamnos estes últimos anos que cada vez máis familias botaban en falla poder mellorar o seu nivel de inglés por diversos motivos, como poden ser: saír de viaxe fóra de España, poder ver series ou películas cos seus fillos e fillas en versión orixinal, ou mesmo poder axudarlles en sinxelas tarefas académicas. De aí xurdiu a idea de abrir a “escola de inglés” para os maiores da casa.

Seguiremos tentando que as clases sexan o máis dinámicas posibles, facendo fincapé na comprensión e, máis especialmente, na expresión oral. Así pois, aprenderemos a presentarnos, a preguntar direccións, a ir ao cine, a un restaurante, etc.

O obxectivo deste curso será adquirir vocabulario de distintas temáticas, conceptos gramaticais sinxelos e estruturas básicas. Con iso, deberíamos ser capaces de facernos entender.

O horario para esta actividade será os xoves (18.00h-19.30h).

Será unha actividade sen custo para vostedes, pois a profesora de Inglés préstase voluntaria e altruistamente a ofrecer este servizo.

Se o desexan cubran este [formulario inglés para familias](#)

**O prazo para inscribirse remata o venres 27 de setembro ás 12:00**

Anímate! O inglés non pasa de moda!

Moitas grazas e un saúdo

Departamento de Actividades